

PREGUNTAS FRECUENTES

1. ¿Cómo debo proceder para someterme á avaliación da acreditación de profesorado para as figuras de: PCD, PUP, PAD e a excepcional de PCO?

Unha vez abertas as convocatorias deberá cubrir necesariamente en formato dixital a instancia e tódolos datos do seu CV a través da nosa aplicación informática.

2. ¿Cál é a documentación básica que se debe presentar en rexistro?

Trala cumprimentación da súa INSTANCIA, deberase imprimir, asinar e presentar, a través dos rexistros relacionados no artigo 38.4 da lei 30/92 , xunto cunha COPIA DO SEU DNI (ou equivalente) e unha COPIA DA TITULACIÓN esixida para cada unha das convocatorias:

- Título de doutor para as figuras de PCD, PUP e PAD.
- Título de diplomado, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico para a figura excepcional de PCO.

3. ¿Onde podo atopar o acceso á aplicación para a cumprimentación do meu CV?

Ten dúas formas de acceder á aplicación de acreditación e profesor colaborador:

- Dentro da nova que anuncia a convocatoria na web da ACSUG, hai un enlace que da acceso á aplicación.
- Seguindo o banner "Acreditación Profesorado" que está na marxe dereita da páxina principal da ACSUG www.acsug.es, irá a unha páxina na que hai un enlace á aplicación (se está visitando calquera das outras páxinas da nosa web, pode acceder a este banner clickando no logo que figura na marxe superior esquerda)

4. ¿Que supón a convalidación automática?

A convalidación automática supón que o seu expediente xa non será sometido a avaliación e obterá tódalas figuras contractuais solicitadas. Esta premisa ben suxeita ós seguintes supostos:

- A aqueles que obtiveran a avaliación positiva, na ACSUG ou na ANECA, para a figura PCD.
- A aqueles que pertencen ó corpo de catedráticos de universidade, profesores titulares de universidade e aqueles que se atopen na situación administrativa e académica de estar acreditados para estes corpos.
- A aqueles que obtiveran avaliación positiva nas figuras contractuais (PCD, PAD, PUP, PCO) noutros órganos de avaliación e que poderán ser contratados polo SUG, sempre tendo en conta o que determinen: as leis do Estado, leis doutras Comunidades Autónomas ou de certos mecanismos de cooperación e recoñecemento mutuo.

5. ¿Existen prazos concretos para a presentación dos documentos necesarios para ser avaliado?

Si. As datas e prazos de entrega de documentación virán determinados pola convocatoria, dado que non se trata de convocatorias abertas.

6. ¿Cantas copias teño que entregar da miña documentación para ser valorado?

Deberase presentar unha única copia, independentemente das figuras que solicite.

7. ¿Debo cotexar toda a documentación acreditativa?

Non será preciso para estas convocatorias.

8. ¿Cómo poderemos os solicitantes recuperar os datos correspondentes ó CV que xa tiñamos introducido na aplicación antiga?

É posible recuperar os datos, pero debe facelo do seguinte xeito:

- **Na páxina de rexistro da aplicación para introducir o CV**, E SÓ NO PROCESO DE REXISTRO, ademais de introducir o DNI, a clave e o correo electrónico, poderá marcar cunha aspa o cadro correspondente á migración dos datos. Deste xeito, tódolos datos previos da aplicación antiga, quedarán filtrados na aplicación nova.
- Por razóns técnicas non se pode garantir que a migración de datos da antiga á nova aplicación se faga de xeito correcto. **Será a súa responsabilidade revisar que tódolos datos figuren correctamente no seu CV.**
- Disporán dun **acceso á aplicación antiga**, para poder ver os datos que vostedes tiñan almacenados anteriormente.

9. ¿Temos que volver presentar toda a documentación se xa nos temos presentado algunha vez a este procedemento?

Non será precisa a presentación da documentación xustificativa dos méritos previos, sempre e cando se atopen no poder da ACSUG e vostede cumpra coas seguintes premisas:

- Para poder adxuntar dita documentación ao seu expediente, deberá indicalo na instancia mediante unha aspa e co número de expediente correspondente á convocatoria na que se presentou anteriormente.
- Igualmente, deberá actualizar o CV cos méritos novos e deberá presentar a documentación xustificativa correspondente a estes méritos.

No caso de que vostede non proceda do seguinte xeito, DEBERÁ PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE TÓDOLOS MÉRITOS DO SEU CV.

10. ¿Cómo podo saber o estado no que se atopa a miña solicitude?

Para coñecer o estado no que se encontra a súa solicitude de avaliación, debe entrar na aplicación a través da cal cubriu a súa solicitude entrando co seu correo electrónico e contrasinal. No cadro resume das solicitudes aparecerá no aptdo. ESTADO, o estado da súa solicitude (avaliado, comunicado, desistido, etc.)

Una vez avaliado a súa solicitude aparecerá como "avaliado" e tralo envío da súa resolución aparecerá como "comunicado". De calquera xeito, será a ACSUG quen mediante resolución certificará a avaliación ou informe emitido ó interesado no enderezo que este indicou na súa solicitude mediante correo postal certificado con acuse de recibo

11. ¿Canto tempo tardará a ACSUG en resolver a miña solicitude?

A ACSUG resolverá as solicitudes nun prazo máximo de seis meses.

